

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

* Modalidade A.

Premios de recoñecemento da actividade innovadora do profesorado.

-Un primeiro premio de 4.000 euros ao traballo:

Título: *De viaxe polo tempo en tren.*

Coord.: Juan Aguilar Madrazo.

Centro: IES Pino Manso.

O Porriño (Pontevedra).

-Dous segundos premios de 2.500 euros a cada un aos traballos:

Título: *Alimentación no Quixote.*

Autora: M^a Teresa Jiménez Bértolo.

Centro: IES Ánxel Casal.

A Coruña.

Título: *Club matemático Durán Lóriga.*

Coordinador: Santiago López Arca.

Centro: IES Ramón Otero Pedrayo.

A Coruña.

-Seis terceiros premios de 1.500 euros a cada un aos traballos:

Título: *Tsunami en Asia.*

Centro: IES Otero Pedrayo.

Autora: Carmen Cid Manzano.

Ourense.

Título: *Os xogos dos nosos avós.*

Coord.: Rubén Annicchiarico Ramos.

Centro: CEIP Bormoio Agualada.

Coristanco (A Coruña).

Título: *Nós somos quen de facer arte.*

Coord.: Seila Acuña Ferradanes.

Centro: IES Luis Seoane.

Pontevedra.

Título: *Proxecto educativo: Cántame un conto.*

Coord.: David Pose Regueiro.

Centro: CEIP Humberto Juanes.

Nigrán (Pontevedra).

Título: *Ciencias nas mans. Semana das ciencias 2005.*

Coord.: Salvador Rodríguez Muñoz.

Centro: IES Escolas Proval.

Nigrán (Pontevedra).

Título: *A Maxia da Química.*

Coord.: Mercedes Neira González.

Centro: IES de Ames.

Ames (A Coruña).

* Modalidade B.

Premios de recoñecemento da actividade innovadora dos centros:

-Un premio de 3.000 euros ao traballo:

Título: *Plan de convivencia do IES Val Miñor.*

Centro: IES Val Miñor.

Nigrán (Pontevedra).

Coord.: Manuel Torres Vizcaya.

-Un premio de 2.000 euros ao traballo:

Título: *Xanciña tragalixo.*

Centro: CRA Mestre Clara Torres.

Tui (Pontevedra).

Coord.: M^a Teresa Domínguez Pérez.

-Un premio de 1.650 euros ao traballo:

Título: *A biblioteca: O corazón do noso colexio.*

Centro: CEIP Condese de Fenosa.

O Barco de Valdeorras (Ourense).

Coord.: Xoaquín C. Freixeiro Álvarez.

-Un premio de 2.800 euros ao traballo:

Título: *Mediadores no entorno escolar.*

Centro: IES Otero Pedrayo.

A Coruña.

Coord.: Guillermina Souto Rey.

-Un premio de 2.900 euros ao traballo:

Título: *A mediación como senda de convivencia.*

Centro: IES Carlos Casares.

Viana do Bolo (Ourense).

Coord.: Susana Fernández Vázquez.

-Un premio de 1.650 euros ao traballo:

Título: *Mellora das habilidades cognitivas de carácter lector-escritor-Cántame un conto e convive comigo.*

Centro: CPI de Mondariz.

Mondariz (Pontevedra).

Coord.: José Luis Diéguez Ruibal.

-Un premio de 2.000 euros ao traballo:

Título: *III Semana da ciencia e tecnoloxía no IES A Xunqueira.*

Centro: IES A Xunqueira.

Pontevedra.

Coord.: José Manuel Dapena Márquez.

-Un premio de 2.000 euros ao traballo:

Título: *III Semana da ciencia e a tecnoloxía no IES de Poio.*

Centro: IES de Poio.

Poio (Pontevedra).

Coord.: M^a Concepción Mora Domínguez.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 8 de novembro de 2005 pola que se convoca o IV Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 224, do martes, día 22 de novembro de 2005, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 18.622, «Artigo 4º.-Presentación de solicitudes.», liña 1-2, dise: «As solicitudes no modelo oficial PSS-07 que se publica como anexo á presente...»; anexo que non foi publicado xunto coa dita orde no seu momento.

Polo tanto, xúntase o mencionado modelo para que sexa inserido no DOG.

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento
e Innovación Tecnolóxica
2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE
PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2006

MODELO PSS-07

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
IV PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO GALICIA INNOVACIÓN	IN822C	SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FAX

DATOS DA EMPRESA

RAZÓN SOCIAL	CIF
ENDEREZO	LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL TELÉFONO FAX

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

A esta solicitude xuntaránselle os seguintes documentos:

- *Curriculum vitae* do solicitante (6 copias).
- Fotocopia do DNI.
- Certificado da empresa de comunicación galega que acredite que o solicitante presta os seus servizos nela, como xornalista.
- Exemplar orixinal da publicación na que se difundiu, e seis copias se é un traballo en prensa escrita, CD ou vídeo (seis copias) que deberá recoller o espazo ou programa completo no que se difundiu se é un traballo audiovisual, e CD no que se recolla a pantalla da páxina ou páxinas web onde apareza e seis copias impresas, se se trata dun traballo en formato electrónico.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de novembro de 2005 pola que se convoca o IV Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.</i> SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de 200	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SAÍDA / /
---	---	---

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 2 de decembro de 2005 pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais no Servizo de Urxencias do Hospital Clínico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, durante a folga convocada pola Organización Sindical de Médicos de Galicia Independentes (Omega) no colectivo de persoal médico, a partir do día 6 de decembro de 2005, con carácter indefinido.

Advertidos erros na Orde do 2 de decembro de 2005 da Consellería de Sanidade, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 233, do 5 de decembro de 2005, cómpre facer as seguintes correccións de erros:

Na páxina 19.246, no anexo, debe dicir:

Categoría/Servizo de Urxencias	Número de efectivos de servizos mínimos		
	Mañá	Tarde	Noite
Facultativos especialistas de área en días laborables	6	5	4
Facultativos especialistas de área en sábados	6	4	4
Facultativos especialistas de área en domingos e festivos	4	4	4

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 4 de novembro de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Tablicia, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo para a empresa *Tablicia, S.A.* (código 2700492), da provincia de Lugo, asinado o día 17 de outubro de 2005, pola representación da dita empresa e a dos seus traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remitir o texto do dito convenio colectivo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispor a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 4 de novembro de 2005.

José Miguel Vázquez Calvo
Delegado provincial de Lugo

Convenio colectivo de *Tablicia, S.A.*

Artigo 1º.-Ámbito persoal.

Este convenio colectivo afectará todos os traballadores que manteñan relación laboral coa empresa *Tablicia, S.A.*, ou que, durante a vixencia deste convenio colectivo, puidesen establecer relación laboral coa empresa.

1. Ámbito funcional.

A empresa *Tablicia, S.A.* está dedicada á fabricación de taboleiro aglomerado de partículas de madeira.

2. Ámbito territorial.

A empresa *Tablicia, S.A.* está situada no lugar de Nadela, s/n, provincia de Lugo.

3. Ámbito temporal.

Este convenio colectivo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP, e a súa vixencia é desde o 1 de xaneiro de 2005 ata o 31 de decembro de 2006.

Artigo 2º.-Denuncia.

Acórdase que se estableza denuncia de forma automática ao final deste convenio colectivo.

Artigo 3º.-Comisión paritaria.

Establécese unha comisión paritaria, integrada pola totalidade dos compoñentes da comisión negociadora deste convenio. As competencias da dita comisión serán:

-Interpretación do convenio.

-Vixilancia do cumprimento das cláusulas e artigos deste convenio.

-A comisión reunirse por petición de calquera das partes.

Artigo 4º.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo na empresa afectada por este convenio terá as seguintes modalidades:

1. Xornada partida.

2. Xornada continuada.

3. Xornada a quendas.

A duración da xornada de traballo será:

-Ano 2005: 1.764 horas anuais.

-Ano 2006: 1.760 horas anuais.

A xornada a quendas poderase realizar en dous, tres ou catro equipos de traballo.